



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Normalización e Planificación da Lingua Galega		Código	613G02031
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Análise dos procesos de planificación do status e do corpus da lingua galega, da situación actual e das principais metodoloxías para a súa normalización.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non haberá mudanzas.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle).</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis. Mecanismos de atención dispoñíveis a petición do alumnado: Vídeo-tutorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliação Manteranse o mesmo sistema de avaliação, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes.</p> <p>*Observacións de avaliação: Non hai.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non haberá mudanzas. Todos os materiais bibliográficos imprescindíveis estarán dispoñíveis no Moodle da materia.</p>			

Competencias / Resultados do título		
Código	Competencias / Resultados do título	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título



Coñecer, analizar e interpretar a situación sociolingüística da lingua galega.	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A23 A24	B5 B7 B8 B9	C1 C2 C6
Describir e analizar a relación entre lingua e sociedade e tamén interpretar a complexidade dos fenómenos sociolingüísticos.	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27	B1 B3 B4 B8 B9 B10	C1 C4 C8
Coñecer e programar obxectivos e medidas de planificación lingüística	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7 C8

Contidos		
Temas	Subtemas	
1. A intervención sobre as linguas	1.1. Os conceptos de política lingüística, normalización e planificación; relación entre eles 1.2. A planificación lingüística: orixe, definición, tipos e fases 1.3. A planificación lingüística na Galiza	
2. A planificación do status da lingua galega	2.1. Ámbito institucional 2.2. O papel das organizacións non gobernamentais 2.3. O Plan xeral de normalización da lingua galega	
3. A planificación do corpus da lingua galega	3.1. Antecedentes decimonónicos 3.2. As propostas normativas no século XX 3.3. O acordo normativo de 2003	
4. Metodoloxías para a planificación da lingua galega	4.1. Modelos, procedementos e recursos xerais 4.2. Planos e proxectos de normalización lingüística: elaboración, aplicación e avaliación 4.3. Metodoloxías complementares: implantación e dinamización lingüísticas	

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C4 C6 C8	14	28	42
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C2	6.5	13	19.5
Presentación oral	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8	3	9	12
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C1 C2 C4 C6 C7 C8	2	12	14
Lecturas	A1 A2 A4 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 C2	6	18	24
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	O profesorado presentará e desenvolverá os contidos que integran o temario. Estas sesións servirán como base para o desenvolvemento das outras metodoloxías e estarán orientadas á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos.
Obradoiro	Serán propostas actividades prácticas de diferente tipo que permitan relacionar os contidos presentados nas sesións maxistrais coas outras metodoloxías desenvolvidas na materia. Estas actividades promoverán a reflexión teórica e metodolóxica e o pensamento crítico do alumnado.
Presentación oral	Cada estudiante seleccionará, de acordo co profesorado, unha acción de planificación lingüística relacionada cos ámbitos e sectores a que fan referencia os temas 2 e 3, que explicará e analizará criticamente nunha das sesións presenciais.
Traballos tutelados	Cada estudiante deseñará unha proposta de planificación para a lingua galega, cuxo obxecto e orientación metodolóxica serán acordados previamente co profesorado en sesións de seguimento. O resultado será presentado e debatido nunha sesión convxunta final.
Lecturas	O profesorado proporá a realización de lecturas obligatorias e complementares ao longo do curso. Os seus contidos serán desenvolvidos e analizados criticamente a través de actividades prácticas de diferente tipo, como exercicios, comentarios e debates.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Obradoiro	Alén do labor de titorización no horario de atendimento marcado polo profesorado responsable da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente ao apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudiante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á entrega do traballo.
Sesión maxistral	
Lecturas	
Presentación oral	
Traballos tutelados	A atención personalizada será especialmente relevante e necesaria no caso do alumnado a tempo parcial e con dispensa académica.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C2	Cada estudiante deberá realizar diferentes exercicios e outras actividades prácticas nas sesións presenciais, ligados aos contidos das sesións maxistrais.	10
Lecturas	A1 A2 A4 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 C2	As lecturas farán parte esencial do trabalho desenvolvido ao longo do curso e os seus contidos terán de ser desenvolvidos en diferentes exercicios, como resumos, comentarios críticos ou debates.	15
Presentación oral	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8	O/a estudiante terá de explicar e analizar criticamente unha acción de planificación lingüística desenvolvida nos ámbitos e sectores a que fan referencia os temas 2 e 3 dos contidos.	25
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Cada estudiante terá de desenvolver unha proposta de planificación lingüística, cuxo obxecto e orientación metodolóxica requirirá o visto e prace do profesorado en sesións de seguimento. Os traballos serán presentados e debatidos nunha sesión conjunta final.	50

Observaciós avaliación

Para superar a materia o alumnado deberá conseguir unha cualificación global igual ou superior a 5 valores sobre 10, e deberá obter como mínimo 4 valores sobre 10 no traballo tutelado.

Recibirán a cualificación de non presentado os/as estudiantes que non entregaren o traballo tutelado e/ou non fixeren a presentación oral.

Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo), o alumnado será avaliado co mesmo sistema da primeira oportunidade. De ser o caso, só deberá entregar aquellas actividades e traballos non realizados na primeira oportunidade ou que non atinxiron unha cualificación do 40% da nota máxima prevista para cada actividade ou traballo.

O alumnado a tempo parcial e con dispensa académica será avaliado de acordo con este sistema de avaliación: presentación oral (25%), traballo tutelado (50%) e lecturas (25%). As datas de entrega de traballos e realización da presentación oral serán definidas polo profesor con antecedencia suficiente. Na convocatoria adiantada de decembro aplicarase o mesmo sistema de avaliación do alumnado a tempo parcial e con dispensa académica. O/a estudiante deberá contactar o profesor antes de acabar o mes de novembro. As datas de entrega de traballos e a realización da presentación oral serán definidas polo profesor con antecedencia suficiente.

Tanto a presentación oral como o resultado das lecturas e o propio traballo tutelado deberán cumplir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Alonso Pintos, S. (2006). <i>O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)</i>. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.- Boix, X. & Vila, F. X. (1998). "Polítiques i planificació lingüística", en <i>Sociolingüística de la llengua catalana</i>, 271-340. Barcelona: Ariel- Calvet, L.-J. (1998). <i>A (socio)lingüística</i>. Santiago de Compostela: Laiemento- Calvet, L.-J. (1998). "As políticas lingüísticas, a liberdade dos falantes e o poder dos planificadores", en <i>Aula Castelao de Folosofía</i> (ed.), <i>Filosofía e lingua. A loita polas palabras</i>, 55-66. Santiago de Compostela: Laiemento.- Calvet, L.-J. (2007). <i>As políticas lingüísticas</i>. São Paulo: Parábola- Carvalho Calero, R. (1992). <i>Umha voz na Galiza</i>. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.- Cooper, R. (1997). <i>La planificación lingüística y el cambio social</i>. Cambridge: Cambridge University Press- Falcón, X. (2000). "Planificación lingüística", en Ramallo, F., Rei-Doval, G., & Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.), <i>Manual de ciencias da linguaxe</i>, 409-442.. Vigo: Xerais- Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez, A. M., & Ramallo, F. (2008). <i>A planificación lingüística nos centros educativos</i>. [Santiago de Compostela: Xunta de Galicia]- Galanes Santos, I. (1998). <i>Os procesos de implantación lingüística</i>. Dispoñíbel en http://kit.consellodacultura.gal/materiais-de-cursos-e-xornadas/- García Negro, M. P. (1991). <i>O galego e as leis. Aproximación sociolingüística</i>. Vilaboa: Edicións do Cumio.- García Negro, M. P. (2009). <i>De fala a lingua: un proceso inacabado</i>. Ames, Laiemento- Lamuela, X., & Monteagudo, H. (1996). "Planificación lingüística", en Fernández Pérez, M. (ed.), <i>Avances en lingüística aplicada</i>, 229-301. Santiago de Compostela: Universidade.- Lorenzo Suárez, A. M. (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego". <i>Cadernos de Lingua</i> 27. 37-59- Monteagudo, H. (ed.) (1995). <i>Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto</i>. Vigo: Galaxia- Monteagudo, H. (1997). "Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-96). Notas para un balance", <i>Grial</i> 136, 527-548- Muljacic, Z. (1995). "A estandardización do galego á luz de procesos análogos noutras linguas minorizadas", en Monteagudo, H. (ed.) (1995), 19-25. Vigo: Galaxia- Núñez Singala, M. (2001). "Algunhas reflexións verbo da elaboración de plans de política lingüística", <i>Cadernos da lingua</i>, 23: 35-52- Samartim, R. (2005). ?Ideia de língua e vento português na Galiza do tardofranquismo: O caso de Galaxia?. <i>Agália</i> 83/84: 9-53- Sánchez Vidal, P. (2010). <i>O Debate Normativo da Lingua Galega (1980-2000)</i>. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza- Sanmartín Rei, G. (2009). <i>Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación</i>. Vigo: Xerais- Villares Naveira, L. (2010). <i>Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo</i>. Ames: Laiemento- Vaquero Quintela, I. (2012). <i>Traballarmos en dinamización lingüística. Unha introdución</i>. Dispoñíbel en http://kit.consellodacultura.gal/materiais-de-cursos-e-xornadas/- Xunta de Galicia (2005). <i>Plan xeral de normalización da lingua galega</i>. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.) (2005). Norma lingüística e variación. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega- Bouzada, X., Fernández Paz, A., & Lorenzo, A. (2003). O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000), vol. 2, Educación. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega- Fagim, Valentim (2015). O galego (im)possível. Ainda mais. Compostela: Através Editora- Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiemento- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela: Laiemento- Herrero Valeiro, Mário (2011). Guerra de grafias. Conflito de elites. Compostela: Através Editora- Martínez Lema, P. & Sanmartín Rei, G. (eds.) (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña- Mosquera Carregal, X. (ed.) (2010). Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña- Muljacic, Z. (1999). "Estandarización de linguas románicas 'baixo presión': unha proposta tipolóxica", en Fernández Rei, F., & Santamarina, A. (eds.), Estudios de sociolingüística románica, 11-26. Santiago de Compostela: Universidade- Rodríguez Sánchez, F. (2016). Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza. Ames: Laiemento- Sanmartín Rei, G. (ed.) (2010). Lingua e futuro. Ames: Laiemento- Subiela, X. (2002). "Política lingüística", en A normalización lingüística a debate, 131-171. Vigo: Xerais
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías